

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Asociación Autismo Ourense

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa Asociación Autismo Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2024-2025, isto é o día 31 de agosto de 2025, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Autismo Ourense nas accións dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con con trastorno do espectro autista.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que a Asociación Autismo Ourense (AUTISMO OURENSE) é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito local, situada no Concello de Ourense constituída por iniciativa dun grupo de pais e nais e demais persoas sensibilizadas co Trastorno do Espectro Autista (TEA), que ten entre os seus principais fins os seguintes:

- a) Servizos de Valoración e Diagnóstico.
- b) Servizos de Atención Temperá de cero a 6 anos.
- c) Creación de centros Educativos para persoas con TEA de 4 a 20 anos.
- d) Servizos de Atención Psicopedagóxica.



- e) Creación de Centros Ocupacionais e de Atención Diurna para persoas con TEA de 16 anos en diante.
- f) Creación de Residencias Terapéuticas para persoas con TEA.
- g) Creación de Servizos de Terapia Ambulatoria ou de axuda de domicilio.
- h) Creación de servizos dirixidos á inclusión sociolaboral das persoas con TEA e das súas familias.
- i) A disposición de medios para a protección das persoas con TEA encamiñados á asegurar unha óptima calidade de vida ó longo de todo o seu ciclo vital, como pode ser, entre outros, a creación de Fundacións Tutelares.
- j) Servizos orientados á atención e protección das familias con persoa con TEA a cargo.
- K) En xeral, todos aqueles servizos da Carteira de Servizos de Dependencia que se axusten ás necesidades da poboación con TEA e ás súas familias.

En atención a estas consideracións, as dúas entidades teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con trastorno do espectro autista, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificando o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

